



ÁS XENTES DE BEN:

Máis unha vez, o imperialismo norteamericano quere asoballar/esnaquizar unha nación soberana. Desta, puxo o punto de mira en Venezuela, a maior reserva constatada de petróleo do planeta.

Arteiramente, amaña os seus pións, nun alongado e continuado proceso, que desde 1999, trata de derrubar as conquistas dun pobo que quere ser protagonista da súa historia e ser dono da súa terra e recursos; un pobo libre e independente que non quere gardar vasalaxe a ningún imperio nin ditadura, establecendo relacións de respecto e igualdade cos outros pobos do mundo.

Por iso, as organizacións e colectivos asinantes queremos expresar á opinión pública a seguinte

DECLARACIÓN

Recentemente, o pión das maquinarias financeiro-militares, o presidente norteamericano, Obama, sinalou a República Bolivariana de Venezuela como inimiga dos Estados Unidos de América. Literalmente declarou que: *“constitúe unha infrecuente e extraordinaria ameaza á seguridade nacional e á política exterior dos Estados Unidos, razón pola cal declaro a emerxencia nacional para tratar con esa ameaza”*. Isto non é outra cousa que o preludio a unha declaración de guerra.

Xa abonda. Xa chega de que provoquedes guerras e padecementos por todas as partes para vos apoderar das riquezas doutras nacións. Ianquis, go home!!!

Cómo vai poder ameazar Venezuela os Estados Unidos? a milleiros de quilómetros de distancia, sen armas estratéxicas e sen empregar recursos, nin funcionarios para conspirar contra a orde constitucional estadounidense – como si o fan eles contra Venezuela-.

A gravidade desta acción executiva pon sobre alerta os gobernos de América Latina, que en xaneiro do 2014, na segunda Cimeira da CELAC, en La Habana, declararon a rexión de **América Latina e o Caribe** como **zona de Paz** e repudiaron calquera acto que atentase contra isto, xa que acumulan na súa historia abondosas experiencias de intervencionismo imperial.

Porén, semellante pronunciamento, nun ano de eleccións lexislativas en Venezuela, reafirma máis unha vez, o carácter inxerencista da política exterior estadounidense.

Reiteramos o noso incondicional apoio ao proceso bolivariano, ao lexítimo goberno do presidente Nicolás Maduro Moros e ao pobo irmán da Venezuela.

Ninguén ten dereito a intervir nos asuntos internos dun pobo soberano!

VENEZUELA NON ESTÁ SOA !!!

VENEZUELA RESPÉTASE !!!

OS POBOS CON VENEZUELA !!!

IANQUI GO HOME !!!

ASINAN:

ASOCIACIÓN GALEGO BOLIVARIANA “HUGO CHÁVEZ”

ASOCIACIÓN DE AMIZADE GALEGO CUBANA FRANCISCO VILLAMIL

ASEMBLEA REPUBLICANA

A ESQUERDA (Nova Esquerda Socialista Galega - Federación Republicanos)

ANOVA- Irmandade Nacionalista

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)

CENTRAL UNITARIA DE TRABALLADORES (CUT)

COMITÉ ÓSCAR ROMERO

CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA (CIG)

ESQUERDA UNIDA

FRONTE POPULAR GALEGA (FPG)

GALIZA NOVA

MAR DE LUMES

PARTIDO COMUNISTA DE GALICIA (PCG)

PARTIDO COMUNISTA DO POBO GALEGO (PCPG)

PARTIDO COMUNISTA DOS POBOS DE ESPAÑA (PCPE)

PARTIDO HUMANISTA

SINDICATO FERROVIARIO-INTERSINDICAL

XUVENTUDES COMUNISTAS DE GALICIA